

DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Excm. Sra. Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo, na súa calidade de Presidenta da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVISLUSA).

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia e 12 dos Estatutos reguladores da Empresa, RESOLVO convocar aos membros do Pleno da Corporación Municipal, constituídos en Xunta Xeral da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVISLUSA), á Xunta Xeral Universal que terá lugar no Salón de Sesións da Casa Consistorial o vindeiro xoves, día 26 de maio, ás 9,30 HORAS.

Para válida constitución da Xunta Xeral requírese, en primeira convocatoria, a asistencia de, polo menos, un terzo do número legal de membros da Corporación. Se en primeira convocatoria no se lograra o devandito quórum, entenderase convocada automaticamente a Xunta dous días despois, ás 9,30 horas.

Os asuntos que haberán de tratarse na devandita Xunta son os seguintes:

- 1/1 Aceptación da celebración da Xunta Xeral Universal.
- 2/2 Exame da xestión social e aprobación, se procede, das contas anuais correspondentes ao exercicio 2021 e aplicación do resultado.
- 3/3 Rogos e preguntas.
- 4/4 Aprobación, de ser o caso, da acta da presente Xunta Xeral Universal.

Notifíquesele aos membros da Corporación, coa indicación de que a documentación dos asuntos incluídos na orde do día se atopa a súa disposición, a partir da data desta convocatoria, nas oficinas da Secretaría Xeral do Pleno, sen prexuízo de que se remita por correo electrónico conxuntamente con convocatoria.

Cúmprase.